

CONCELLO
DE VIGO



Concertos Didácticos

ORQUESTA FOLK

SONDESEU



CENTRO CULTURAL
DE CABRAL
14 Marzo · 20:30h.

SOC. CULT.
ATLÁNTIDA DE MATAMÁ
27 Marzo · 20:30h.

CENTRO CULTURAL
DE BEADE
24 Abril · 20:30h.

CENTRO CULTURAL
DE VALLADARES
29 Mayo · 20:30h.

SONDESEU



ORQUESTRA FOLK DE GALICIA



Dirixida por Rodrigo Romaní, SondeSeu, a Orquestra Folk de Galicia, converteuse desde a súa aparición no ano 2001, nunha pioneira e novedosa fábrica de talento e creatividade.

__Extraída da experiencia pedagóxica da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo, na orquestra conviven tanto músicos en formación como profesionais. Están coordinados nas diferentes seccións instrumentais, por algúns dos músicos de maior traxectoria e recoñecemento do país: Rodrigo Romaní encárgase da dirección e coordinación da sección de Arpa Céltica, Xaquín Xesteira das de Gaita e Percusión, Alfonso Franco da de Violíns, Xosé Liz das de Bouzouqui e Requinta, Javier Feijoo (Chisco) da de canto e Anxo Pintos da de zanfona.

__A presenza e a intensidade interpretativa dos 45 músicos converten a sonoridade desta formación nunha nova senda na que as paisaxes sonoras da tradición musical galega, amplían o seu horizonte desde unha masa tímbrica e unhas composicións e arranxos marcados polo fino, respectuoso e sabio uso da creación e a recreación máis contemporánea.

__A realidade desta experiencia única no continente europeo, materializouse en catro discos de estudio: “Mar de Vigo” (2004), “Trastempo” (2007), “Barlovento” (2010) e “Danzas Brancas” (2013), así como na realización de numerosos concertos en Francia, Italia, Irlanda, Portugal, Finlandia e España.



“O presente ciclo de concertos didácticos de SondeSeu pretende aproximar ao público da cidade a un coñecemento máis profundo da súa orquestra folk, prezando o funcionamento desta fórmula musical que se deriva da tradición e entendendo as claves que os músicos utilizan para crear novas pezas con materiais antigos. Nestes concertos explicamos cal é a composición das diferentes seccións e como conflúen todas elas para chegar ao resultado final. Asemade abrimos un diálogo aberto co público para ilustrar todos aqueles aspectos que poidan resultar de interese para a audiencia.”